



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE  
SAXAMONDE  
24 DE FEBREIRO DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación actas anteriores**
- 2.- Orzamentos participativos 2015**
- 3.- Investimentos na parroquia no ano 2015**
- 4.- Varios**

No Centro Cultural Chan das Pipas de Saxamonde, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de febreiro de dous mil catorce, logo da convocatoria, reuníronse os seguintes membros :

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PSOE .- Olga Rodríguez Puga  
AER.- J. Roberto Darriba Ferradás  
BNG.- Xoan Carlos González Campo

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

Ana Belén Mariño Alfonso

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE MONTES

Manuel José Moldes Senra  
Félix Vila Alonso

REPRESENTANTES DA ASOCIACIÓN DE MULLERES (ARELA)

Rosa Freaza Lago  
María Luz Viñas Otero

REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES DE AUGAS

Ricardo Martínez Fernández  
Victoria Otero Otero  
Guadalupe Martínez Crespo

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Saxamonde convocada para o día de hoxe.

**1.- Aprobación das actas anteriores**

Sométese á aprobación a acta da xuntanza celebrada en data 24 de setembro de 2014.



Félix Vila Alonso pregunta se no punto tres da acta contéplase a instalación de iluminación no proxecto do Souto.

O Presidente resposta que só se contempla o saneamento e a pavimentación.

Félix Vila Alonso comunica que un veciño estaba preocupado por se a súa vivenda non se inclúe, xa que as alturas non dan.

O Presidente informe que unha vivendas van cara o río e que os técnicos xa foron a ver a situación.

J. Roberto Darriba Ferradás di se producirá un aumento do investimento.

O Presidente di que intentarase incluír sen que supoña un incremento.

Ana Belén Mariño Alfonso di que se teña en conta que vai quedar unha vivenda sen o servizo.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta se a Resolución da contratación foi a este Pleno.

O Presidente di que foi ao anterior Pleno.

Rosa Freaza Lago di que se inclúa na acta as 48 actuacións que o Presidente indicou que se fixeran na parroquia.

J. Roberto Darriba Ferradás solicita que se inclúan e que se envíen tamén as actuacións que se van realizar.

A acta da xuntanza de data 24 de setembro de 2014 queda aprobada por maioría das/os membros presentes, coa abstención de Xoan Carlos González Campo, J. Roberto Darriba Ferradás, Ana Belén Mariño Alfonso, Victoria Otero Otero e Guadalupe Martínez Crespo por non teren asistido á xuntanza. Corrixírase na acta o seguinte:

- 1º Retirar iluminación do apartado terceiro en relación coa proxecto do Souto.
- 2º Incluír as 48 actuacións que o Presidente indicou que se fixeron na parroquia.

Sométese á aprobación a acta de data 16 de decembro de 2014 que queda aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de J. Roberto Darriba Ferradás e Ana Belén Mariño Alfonso por non teren asistido á devandita xuntanza.

## **2.- Orzamentos participativos 2015**



Félix Vila Alonso di que os colectivos veciñais tiveron unha xuntanza anterior á celebración do Consello Parroquial, que vai ser o portavoz, e trataron os seguintes asuntos referentes a temas tratados en anteriores consellos:

a).- Queren saber o motivo polo que se cambiou a luz que se colocara no antigo preescolar.

O Presidente informa que houbo unha denuncia presentada no Rexistro do Concello na que se pedía o cambio da luz porque deslumbraba na vivenda dun veciño, polo que se puxo outra de menos intensidade.

Rosa Freaza Lago di que non lle parece normal que pola queixa dun só veciño se cambiara a luz, xa que é un lugar con pouca visibilidade e ao que vai xente maior.

O Presidente di que o proxecto tiña moita potencia.

Félix Vila Alonso di que se podería ter cambiado a orientación do proxector en lugar de cambialo.

b).- Queren información sobre a situación do proxecto da rotonda no Alto dos Valos.

O Presidente di que foi a un Pleno.

Xoan Carlos González Campo informa que se instou ao goberno do estado para que incluíra nos orzamentos xerais do estado unha partida para a rotonda, pero non se incluíu.

O Presidente informa que se fixeron solicitudes tamén á Deputación e se está buscando a implicación da Deputación e de Fomento.

Félix di que se a rotonda por agora non vai se podería facer un paso de peóns.

O Presidente di que tería que regularse mediante semáforos.

Félix Vila Alonso propón que se inste ao Concello a solicitar unha solución para o cruzamento do Alto dos Valos. A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

c).- Queren saber como está a situación das escaleiras do colexio de Quintela.

J. Roberto Darriba Ferradás di que foi un tema tratado con prioridade no Consello Escolar Municipal

O Presidente informa que polo momento non hai resposta de Educación, pero xa está solicitado.



CONCELLO DE REDONDELA

J. Roberto Darriba Ferradás solicita que se facilite unha copia da petición a Educación a todas/os as/os membros do Consello Parroquial.

d).- Solicitan información sobre a situación dos contedores de reciclaxe e de vidro para o centro. O contedor de vidro resulta moi necesario porque cada vez que se valeira está roto e deixo moito vidro no chan.

O Presidente informa que están pedidos á Concellería de Medio Ambiente e a Urbaser.

Olga Rodríguez Puga solicita que se envíen ás/aos membros do Consello Parroquial os xustificantes das peticións realizadas sobre temas tratados nos consellos.

Ana Belén Mariño Alfonso di que tamén se pediron unha bases para os contedores.

e).- Colocación de sinal de camiño cortado.

O Presidente di que cre que xa está colocada.

f).- Colocación de panel no camiño Romano onde se puxo a varanda.

O Presidente di que lle hai que buscar un sitio.

Félix Vila Alonso di que o mellor sería onde está a marquesiña, xa que a xente pon os carteis nun poste. Tamén se podería colocar outro xunto a casa do marqués onde tamén hai unha pequena marquesiña. E faría falta outro xunto a outra marquesiña onde se sae á nacional porque as/os veciñas/os poñen os carteis no quitamedos.

Manuel José Moldes Senra di que sería conveniente poñer un panel en cada marquesiña que é onde está a xente.

g).- Colocación de espello.

O Presidente informa que o ángulo non da.

h).- Cambio de color de varanda que se pintou porque é azul marino e de noite non se ve. Sería conveniente pintala de amarelo.

i).- No camiño da Besada puxéronse unha rexillas e as/os veciñas/os tiveron que por masa porque a auga pasaba por enriba.

O Presidente informa que se fixo unha cuneta de media caña para que a auga entrara na rexilla.



CONCELLO DE REDONDELA

Félix Vila Alonso di que son estreitas e teñen pouco oco e que se volva a comprobar.

j).- No alumado de Coto do Gran puxéronse unha bombillas amarelas que alumean moito menos que as brancas, polo que se solicita o cambio. Asemade un dos postes ten un desplome que se ve a ollo, polo que debería asegurarse para que non caia.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta se algún técnico asinou a obra.

O Presidente di que é o enxeñeiro do Concello e tense que dar de alta a obra.

Félix Vila Alonso di que esta obra se fixo ao galope e que avería que revisala. Onde remata a dirección de Padrón hai unha zona que quedou obscura porque ten unha farola coa luz fundida e algunha das novas non funciona.

k).- Na saída do Camiño dos Frades na N550 cara a Redondela estás obrigado a cruzar contínuo, xa que hai un embudo que te colle no medio, polo que habería que buscar unha saída.

O Presidente di que non hai saída cara a Redondela e os partidos políticos teñen que plantexar ese cambio.

Proponse que o Concello inste a FOMENTO para que busque unha saída no Camiño dos Frades cara a Redondela, contemplando a instalación dun paso de peons, xa que é zona de paso con parada escolar. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

l).- Beirarrúas dende Vilar ata o Alto dos Valos.

O Presidente di que a comunidade de montes ten que ceder.

Manuel José Moldes Senra di que lle parece inxusto que montes teña que ceder gratis cando a outras persoas por ceder se lle constrúen muros.

O Presidente di que o beneficio repercute na veciñanza.

m).- Non se colocou o espello no camiño do Castelo.

Manuel José Moldes Senra di que o mellor sitio para colocalo é na entrada do depósito.

O Presidente informa que lle hai que pedir permiso á Deputación porque é unha estrada súa.

n).- Non funciona a wifi.

O Presidente di que veu unha empresa.



ñ).- Limpeza da Fonte de San Román e da Fonte do Preto.

O Presidente di que se limpou a Fonte de San Román e queda pendente a Fonte do Preto.

Félix Vila Alonso di que habería que quitar as pedras e facer algo máis, xa que hai unha partida para fontes.

o).- Ensanche da estrada en Casal do Monte, xa no 2013 quedárase de falar con RENFE. Que houbo unha recollida de sinaturas para esta obra e que é unha iniciativa veciñal.

O Presidente di que xa hai proxecto para a zona da ponte, pero hai dous veciños que non queren ceder. Xa se fixeron catas.

Félix Vila Alonso solicita que cando se faga o proxecto se conte coa traída de augas para facer unha canalización en condicións e se fale coas/os veciñas/os para evitar problemas no futuro.

O Presidente di que no proxecto xa se contempla que pasa a auga e o saneamento.

J. Roberto Darriba Ferradás solicita que se ensine o proxecto ás/aos veciñas/os.

p).- No camiño de Albarroz ao pasar a curva un autobús pasa moi xusto polo que habería que ampliála. Fíxose unha actuación pavimentando o chan e non se tivo en conta este problema.

O Presidente di que se tería que expropiar.

q).- A veciñanza solicita un plano da parroquia cos nomes das rúas, os lavadoiros, as fontes, etc.

r).- Rosa Freaza Lago di que dende o camiño da Caranquexa ata a Calella da Estrela habería que limpar.

O Presidente di que primeiro hai que comprobar que sexa público.

s).- Ana Belén Mariño Alfonso di que habería que poñer un punto de luz no camiño do Souto.

O Presidente di que non é público.

t).- Victoria Otero Otero di que habería que poñer unha varanda antes do bar onde se baixa para as casas do pazo porque se esta a derrubar o muro.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que é de obras públicas.

u).- Colocación de lomo de burra no camiño Romano á altura do número 15.

En canto aos orzamentos **participativos de 2015** J. Roberto Darriba Ferradás pregunta pola porcentaxe.

O Presidente di que de momento se traballa co 1%.

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta se en relación co borrador dos orzamentos ou cos definitivos.

O Presidente di que son os partidos políticos os que o teñen que plantexar.

Félix Vila Alonso di que lle chama a atención que en dous anos sexa a mesma cantidade. Que os partidos políticos suban a porcentaxe.

O Presidente di que se pode revisar.

Xoan Carlos González Campo di que o BNG xa expresou que o primeiro ano lle ía a dar un voto de confianza ao goberno e non ía entrar en máis debate. Esta fórmula non lle parece, despois de dous anos, a adecuada. Os orzamentos participativos deben ser no momento de realizar o orzamento e non despois. Que traelos tan pronto ao Consello Parroquial parece unha manobra política, porque os dous anos anteriores traíase no último trimestre de presa e correndo.

O Presidente informa que traelos no primeiro trimestre foi un acordo tomado no propio consello parroquial.

Xoan Carlos González Campo di que non só se terían que destinar a investimentos de obras hai outras prioridades por exemplo sociais aos que se poderían destinar. Incluso destinar máis a unhas parroquias que a outras dependendo das necesidades.

J. Roberto Darriba Ferradás di que o goberno debería cumprir coa formación e información á que se comprometeu sobre os consellos parroquiais. Deberíase enviar o borrador dos orzamentos xerais a todos os colectivos para que poidan opinar e non só nos participativos que se adican a obras que son obrigas do Concello. Os participativos deberían ser a maiores e non adicalos a facer que camiños, xa que para isto hai un plan da deputación e os participativos non son para facer fronte aos servizos ás que o Concello está obrigado á prestar.

Olga Rodríguez Puga di que o modelo dos participativos debería ser como o que se está facendo na Deputación de Lugo onde se consultan cos colectivos e



CONCELLO DE REDONDELA

é un 87% do orzamento o que éstos deciden. Destinándose a infraestruturas e a outros ámbitos como servizos sociais.

O Presidente di que lle chama a moito a atención que plantexe este modelo de reparto dos participativos, xa que foi o PSOE e AER os que aprobaron o modelo actual.

Manuel José Moldes Senra di que lle parece que o ano pasado metéronse actuacións que non tiñan que ir polos participativos, senon nos orzamentos xerais do Concello.

Félix Vila Alonso manifesta o malestar de moitas/os veciñas/os da parroquia de Saxamonde porque se están facendo obras enormes noutras parroquias e en Saxamonde practicamente nada.

O Presidente di que se é pola obra da estrada de Vilar é un orzamento que xa estaba contemplado dende hai tempo.

Félix Vila Alonso di que non lle parece moi normal que con cartos públicos se levante muros onde antes non había ningún, supoñendo moito investimento.

O Presidente di que estes muros teñen a finalidade de soste o terreo.

Félix Vila Alonso informa que se vai a celebrar unha xuntanza para tratar os orzamentos participativos e se enviarán as peticións por correo electrónico ao Concello. Neste momento teñen estas dúas peticións:

1º.- Canalización das augas no camiño da Quirincosta cara a N550. Hai unha cuneta de formigón e a auga vai pola estrada.

O Presidente di que habería que meter unha tubería ata o regato.

2º.- Canalización no camiño do Tombo na zona que sube á vía do tren non ten cunetas. Na zona de abaixo hai unha arqueta onde a auga para por debaixo da estrada e está comendo o asfalto.

O Presidente di que irá a mirar o lugar.

### **3.- Investimentos na parroquia no ano 2015**

J. Roberto Darriba Ferradás pregunta se nos orzamentos de 2015 está contemplado algún investimento para Saxamonde.

O Presidente di que un saneamento para a zona de abaixo da Igrexa.

Manuel José Moldes Senra pregunta que vai a mirar o proxecto.





CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que un técnico fará o borrador e logo traerase para que as/os veciñas/os o vexan e tamén ao Consello Parroquial.

Manuel José Moldes Senra e Rosa Freaza Lago manifestan que os proxectos se teñen que falar cos colectivos da parroquia que están representados no Consello Parroquial.

Félix Vila Alonso di que sempre obtén a mesma resposta que hai un proxecto, pero que as/os veciñas/os non saben nada.

Xoan Carlos González Campo di que o Concelleiro de Medio Ambiente falou coas/os veciñas/os a partir de que éstas/es se moveran.

O Presidente informa que lle dixeran que había un proxecto e non era así. Tivo que vir un técnico de FOMENTO para tratar o problema de atravesar a N550. Sempre se está informando ás/aos veciñas/os.

Manuel José Moldes Senra di que o anterior concelleiro dixo que os cartos xa estaban no Concello e que as/os veciñas/os só tiñan que decidir por onde ía o saneamento e resulta que agora non hai nada.

O Presidente informa que se está facendo o proxecto.

Félix Vila Alonso di que se aprobaron proxectos para 6 ou 7 parroquias e Saxamonde quedou atrás.

O Presidente informa que se aprobou un saneamento para o camiño do Souto.

Félix Vila Alonso di que ese investimento é moi pequeno.

#### **4.- Varios**

Xoan Carlos González Campo di que se denunciaron cortes no subministro eléctrico que afectaron á parroquia de Saxamonde e se levou unha moción para que se mellorara o servizo e foi rexeitada, xa que se pode reclamar a devolución de ata o 10% do custe cando hai moitos cortes. Propón que o Consello Parroquial de Saxamonde inste ao Concello para que reclame a FENOSA a mellora das condicións do servizo na parroquia de Saxamonde. A proposta é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Félix Vila Alonso solicita que se lle pida a FENOSA que avise dos cortes que vai facer.

Xoan Carlos González Campo di que a empresa está obrigada. En relación cos grupos de dinamización teatral presenta o seguinte escrito para que se incorpore á acta:



“Grupos de dinamización teatral. Consello Parroquial de Saxamonde.

A pasada semana, un grupo de máis de setenta persoas, realizaron un acto simbólico ás portas do Concello de Redondela. Dito acto consistiu en darse de baixa, como colectivo, dos Grupos de Dinamización Teatral do Concello. Poñíase fin, pois, a máis de dez anos de actividades de teatro, que se estaban a desenvolver en varias parroquias de Redondela, entre elas Saxamonde.

Durante meses, representantes dos grupos de dinamización teatral, negociaron co concello as condicións nas que se estaba a desenvolver a actividade. En todo momento, a imposición da concelleira, co beneplácito do alcalde, foron deteriorando a situación.

Estos Grupos de Dinamización Teatral, xurdiron do interese de veciños e veciñas, por desenvolveren actividades relacionadas co teatro, principalmente en diferentes parroquias do Concello. Todo voluntario, con grande esforzo, sen nengunha paretensión máis que dar saída a unha afección polo teatro. Competíalle, como non, ao Concello, respaldar, apoiar, e mesmo fomentar estes Grupos, como reflexo do carácter popular da cultura, que se desenvolvía nas parroquias de Redondela.

Tardáronse varios meses en realizar o anuncio público do inicio da actividade dos Grupos de Dinamización Teatral. Realizouse tardiamente a contratación da directora, mesmo ameazando conque se iba a contratar unha empresa. Forzouse a asumir unha taxa, única e universal para todos os membros dos Grupos, sen teren en conta as condicións económicas particulares.

A responsabilidade desta situación recae, única e exclusivamente, na responsábel da área da que dependían, a concelleira de servizos sociais, Teresa París, e no propio alcalde, Javier Bas.

#### RESOLUCIÓN DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAXAMONDE

1. Rexeitar a actitude da concelleira, Teresa París e do alcalde, Javier Bas, na problemática dos Grupos de Dinamización Teatral.
2. O Consello Parroquial de Saxamonde, dirixese ao alcalde do Concello de Redondela, para que se retomen os Grupos de Dinamización Teatral, dándolle solución á problemática xerada nos últimos meses.”

O BNG solicita a comparecencia da Concelleira de Servizos Sociais, Teresa París, no Consello Parroquial de Saxamonde para explicar a situación dos Grupos de Dinamización Teatral.

Rosa Freaza Lago informa que antes había unhas taxas anuais de 20 euros e agora pasaron a ser mensuais polo importe de 11 euros. Enviáronlle follas de pagamento a todas/os alumnas/os. A Concelleira comprometeuse nunha xuntanza a unha cousa e logo fixo outra. Se son as/os alumnas/os os que teñen que pagar todo o custe da actividade non necesitan ao Concello.



Olga Rodríguez Puga di que en Cedeira tiñan un curso e deixaron a colaboración co Concello porque lles saía máis barato pagalo eles que coa colaboración.

J. Roberto Darriba Ferradás di que hai maneiras de minorar o custe dunha actividade, como por exemplo subvencións. Deste xeito houbo unha subvención de 3.000 euros para esta actividade. Chámalle a atención que o ano pasado non houbera ingresos do alumnado pola actividade de teatro.

Xoan Carlos González Campo di que sería un fracaso que se disolveran os grupos.

Rosa Freaza Lago di que en Saxamonde estaba empezando o grupo e ao principio se anotou moita xente, pero ao final só quedaban seis e con estes problemas o grupo disolverase por completo.

Xoan Carlos González Campo propón que se aprobe a seguinte proposta en relación cos grupos de dinamización teatral:

1. Rexeitar a actitude da concelleira, Teresa Paris e do alcalde, Javier Bas, na problemática dos Grupos de Dinamización Teatral.
2. O Consello Parroquial de Saxamonde, dirixese ao alcalde do Concello de Redondela, para que se retomen os Grupos de Dinamización Teatral, dándolle solución á problemática xerada nos últimos meses.”

A proposta é aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención do Presidente que vai a esperar á resposta da Concelleira.

Ana Belén Mariño Alfonso pregunta cantos parques hai en Saxamonde en solo público.

O Presidente resposta que só coñece o do centro.

E non habendo máis temas na orde do día, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte e tres horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que coma Secretaria do Consello DOU FE.